

Circular Triatlón e Muller (5/08/2021).

Convocatoria I CAMPUS MULLER E TRIÁTLON Estación de Manzaneda- (Ourense)

Obxectivo: Promoción do triatlón feminino.

Data: 25, 26 e 27 de agosto de 2021

Nº Prazas: 18

Dirixido a : Deportistas con licenza en vigor de Triatlón, maiores de idade e de calquera nivel.

Servizos

Aloxamento en Pensión completa na estación de Manzaneda e actividades de adestramento e ocio dirixidas por técnicas tituladas e adaptadas a diferentes niveis. Seguindo o protocolo Fisicovid-DXT da FEGATRI

Prezos:

Deportistas con licenza galega-	50 €
Deportistas con licenza de outras comunidades-	125€

Inscrición e procedemento:

Ata o 15 de agosto de 2021, ás 23:59

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscricións](#).

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Accederase a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/ Inscricións](#) e accedendo no calendario ao evento de referencia. Unha vez que se accede ao evento picarase na ligazón INSCRICIÓN, e deberase introducir o número de licenza e a data de nacemento.

Baixas e política de Devolucións:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, ata o 21 de agosto de 2021.

Ata o 18 de agosto devolverase a cota de inscrición íntegra a través da tarxeta de abono.

As baixas comunicadas do 19 ao 21 de agosto terán dereito á devolución do 50% da cota aboada a través da tarxeta de abono.

A partir do 22 de agosto non procederá ningunha devolución.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración do evento.

* En caso de **cancelación** do evento **devolverase a cota de inscrición íntegra** na tarxeta de abono. Nin a Federación, nin a organización se fará cargo de ningún outro gasto que o/a deportista puidese ter realizado con motivo da súa previsión de participación no evento.

Listaxe de agarda:

Esgotadas as prazas abrirase unha lista de espera que se xestionará diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo ata o 23 de agosto.

Outra información:

- O Campus comezará o mércores 25 de agosto, ás 11:00 h. e finalizará o venres, 27 de agosto ás 19:30 h.

Será obrigatoria a presentación, por parte da deportista, dun test de antíxenos realizado dentro das 72 h. anteriores á presentación no campus.

- As deportistas deberán acudir co material necesario para o desenvolvemento destas actividades.

Para calquera dúbida ou consulta, podes enviar un correo ao seguinte enderezo electrónico triatlonemuller@fegatri.org